

ANÁLISE DA VALORACIÓN DOS ASISTENTES Ó 1º ENCONTRO DE ORIENTADORES DE GALICIA

Debido a que a enquisa para a avaliación do 1º Encontro de orientadores de Galicia está formada por preguntas abertas, que se prestan a formatos de respostas dispares, é necesario adoptar un criterio que nos sexa de utilidade para unha posterior análise dos datos xerados polos diferentes participantes no Encontro.

O criterio aquí seguido para poder tabular os datos e ser capaces de interpretalos logo, tanto dende unha perspectiva estatística como dende unha visión máis cualitativa, é o de converter as respostas recollidas, sexan numéricas ou sexan etiquetas cualificativas, en valores dicotómicos. Así todas as respostas serán convertidas en dúas posibles: valoración positiva ou cuestións para mellorar.

Na seguinte táboa aparecen recollidas as valoracións (literais) dos asistentes, que contestaron o cuestionario, referentes a cuestións como os obxectivos, contidos, metodoloxía, datas, horarios, espazos e materiais do 1º Encontro. Os cadros laranxa representan os valores considerados como “cuestións para mellorar”, mentres que os cadros máis claros dan conta das valoracións máis positivas. Os cadros brancos representan as cuestións non contestadas.

Na derradeira fila amósanse os valores totais de cada columna do xeito: valoración positiva/ cuestións para mellorar.

Obxectivos	Contidos	Metodoloxía	Datas	Horarios	Espazos	Materiais
7	7	8	9	9	9	9
Interesante, disfrutei, gustoume	Acertados	Moi positiva		Moi intensivo		
Moi bo	Aceptable	Boa	Moi boa			
Si	Si	Si	Si			
Bos	Bos	Boa	Boas			
Positiva	Positiva	Positiva		Horario menos intensivo		
Pouco	Interesantes, tratamento ás veces superficial	Mellorable		Moi axustado, pouco tempo		
Útil, un logro xuntarnos	Conferencias e mesas: Ben Obradoiros:depende	Bastante ben		Impuntuais	ben	Ningún
Ben	Bo, pouco práctico	Boa		Un pouco	Material das	

				apretado pero ben	ponencias, breve resumo	
Éxito	Moi axeitados	Moi adecuada	Mellor novembro	Ben, pero saturado	Ben	Escasos
Positivo	Positivo	Positivo	Positivo			
Moi Positivo	Moi positivo	Positivo	Positivo			
Regular alto	Regular alto	Boa	Ben			
Moi ben, + debate e experiencias	Ben	Ben	Ben	Ben		Gustaríame ter algún
8	8	8	10			
Axeitado	Axeitado	Boa		Excesivo horario		
Se cumpriron	Correspondíanse cos títulos	Moi amena		Comezar máis tarde e rematar antes con algún día máis		
Moi positivo	Mo positivo	Positivo				
Moi ben	Moi ben	Moi ben				
Se acadaron	Variados e interesantes					
Satisfactorio	Moi satisfactorio	Satisfactorio pero mellorable	Satisfactorio			
Cumplido con creces	Muy bien	Adecuada	Bien			
Cumpríronse case todos	En parte se cumpriron	Faltou comunicación entre os ponentes	Aceptable			
Satisfactorio	Satisfactorio	Satisfactoria	Muy satisfactorio			Mejorable
Si	Si	Si	Si			
Satisfactorio	Satisfactorio	Satisfactorio			Pouco satisfactorio Indicación dos obradoiros	
8	7	6	10			
Positivo	Positivo	Positivo		Escasas de tempo		
7	7	6	10			
Moi ben	Moi ben	Mi ben	Moi ben			
Positivamente	Moi positivamente	Positivo, máis operatividade	Moi positivo			
Positivo	Desenvolverse máis	Dinámica, máis prácticas	ben			
Regular	Regular	Regular	Ben			
Regular	Regular	Regular	Ben			

Regular	Regular	Regular	Ben			
Satisfactorio	Moi bos, pero faltan	Satisfactoria	Satisfactorio			
Cumpríronse	Adecuada	Adecuada		Positivo		Poñelos á disposición o una Web
Acadados	Foron abordados	Axeitada	Óptimo			
	Seleccionar os cotidos das comunicacións, foron para estudantes	Prevenir os medios técnicos para que funcionen	Preferible viernes todo el día y no sábado			No había materiales
Positivamente	Positivamente	Mellorable	Aceptable			
Se cumpriron	Axeitado	Positivamente		Tempo xusto		
Boa	Bos	Boa			Espacios incómodos, falta de aparcamento	
Conseguidos	Cumplidos	Axeitada		Axeitadas, 1 ou 2 días máis		
Ben	Ben, pero se repetiron contidos	Ben		Apretados		
Faltou debate		Non moi boa		Axeitadas	Xustos	Insuficientes
Acadados	Títulos non adecuados ó contido	Axeitada	Todo Ben			
Ben	Algúns demasiado teóricos	Ben	ben	Escaso as veces	ben	Poucos
Ben	Ben	Moi boa		Escaso nos obradoiros		
Acadados	Positiva	Mellor obradoiros que mesas redondas		Moi ben	Sala pequena	
Notablemente acadados	Notable	Notable	Notable			
Positivo	Positivo	Moi ben	Ben	Ben	Ben	Mal
Positiva	Positiva	Moi axeitada	Positiva			
46/6	42/9	43/9	32/2	34/12	33/5	28/9

Do mesmo xeito foron consideradas as observacións feitas polos participantes na enquisa de avaliación e, como se ve de seguido, contabilízanse 29 valoracións positivas e 18 cuestións que deben ser melloradas.

Observacións


+ contidos procedementais, moi interesate e proveitoso (2,1)
Felicidades, que continúe (2)
Positivo, interesante (2)
ánimo, seguir (2)
Organización moi mellorable, algunhas intervencións non preparadas
(,2)
Coherencia entre títulos e contidos (1)
Facelo en horario lectivo (,1)
Moi bo, continuidade (2)
Noraboa (1)
Excelente (1)
Que se repita, reunións e foros, información sobre o espacio europeo de
orientación (1)
Positivo (1)
Moi ben (1)
Máis céntrico-Santiago (,1)
Que se repita (1)

Valoracións positivas: 29

Para mellorar: 18

Densas, moi boa a organización (1,1)
Continuidade (1)
Moi ben (1)
Comunicacións pouco adecuadas y a mesma hora que assemblea??? (,2)
Novo encontro sobre as TICs, prever horarios para xente que viaxa (,1)
Difícil aparcar, os contidos se repiten ás veces, seleccionar máis as
comunicacións (,3)
Solapamento de actividades no tempo. Pouco tempo (,2)
Felicitación, continuar,+ material escrito (2,1)
Ánimo continuar (2)
Non mesturar profesionais e estudantes. Pouca tolerancia na Asemblea
por parte de Xunta Directiva (,2)
Felicidades (1)
Positivo (1)
Parabén, contiuar, menos comunicacións (2,1)
Ánimo (1)
Felicitacións (1)

O seguinte gráfico amosa os resultados anteriores



Dende un punto de vista cualitativo temos que destacar a alta valoración que, en xeral, lle deron os participantes ó Encontro. É de salientar que a pesares dos diversos matices non houbo ningunha opinión negativa en extremo, aínda as máis críticas valoraron positivamente algúns aspectos da actividade. Por outra banda, chama a atención o feito de valorar moi positivamente a oportunidade que o Encontro brindaba para poder intercambiar opinións e mesmo verse, saudarse e pasar un tempo entre compañeiros orientadores/as, nese sentido se explica que apareza reiteradamente nas enquisas o desexo de continuar con próximos encontros e mesmo xornadas de traballo.